



Instrucións do 1 de xullo de 2021 da Secretaría Xeral de Universidades, de previsión de medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2021/2022

Santiago de Compostela [data/sinatura dixital]

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional.

Esta situación excepcional determinou a declaración do estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e a aprobación de sucesivas prórrogas do mesmo, o que supuxo o peche temporal das instalacións das universidades do SUG e, en consecuencia, a suspensión de toda actividade presencial nas mesmas.

Nestas circunstancias, as universidades galegas e a administración autonómica, realizaron un esforzo de coordinación para levar a cabo as adaptacións precisas que fixeron posible garantir o desenvolvemento da actividade do SUG coa máxima eficiencia e rigor, ditando a Secretaría Xeral de Universidades, o 6 de abril de 2020 e o 30 de xuño de 2020, unhas instrucións para o aseguramento da calidade da docencia non presencial e a previsión de medidas de adaptación á necesarias para o desenvolvemento do curso académico 2020/2021.

Malia que na actualidade a Comunidade Autónoma de Galicia atópase nunha fase de desescalada e o avance da vacinación de toda a poboación invita a ser optimista para os vindeiros meses, a experiencia acumulada, aconsella a adopción das necesarias medidas de prevención que permitan seguir facendo fronte e controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia, aínda que atenuada, dunha situación de crise sanitaria.

Hai que resaltar neste eido o extraordinario labor desenvolvido polas tres universidades públicas do SUG. Dende o primeiro momento, adaptáronse en tempo





Secretaría Xeral de Universidades

real, as circunstancias da pandemia non só no aspecto sanitario senón tamén atendendo ás consecuencias psicolóxicas, sociais e económicas do estudantado, ao tempo que o seu persoal despregaba unha actividade constante para manter as súas actividades esenciais.

Na actualidade, as universidades dispoñen de unidades encargadas do deseño e coordinación das medidas derivadas da pandemia.

Por outra banda, cada unha das institucións elaborou os documentos necesarios para a adaptación das súas actividades ás circunstancias sanitarias cambiantes, garantindo a calidade da docencia. En concreto, a UDC publicou as *Medidas extraordinarias para o curso 2020/21*, a USC as *Bases para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020/2021* e a UVIGO o *Plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020/2021*.

Deste xeito, durante todo o curso académico, este esforzo de prevención e control interno fixo que os recintos universitarios estiveran fóra dos vectores principais de contaxio da COVID-19, contribuindo a dar unha estabilidade a actividade docente e investigadora.

Por outra banda debe destacarse o labor desenvolvido pola Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia, ACSUG, que permitiu garantir o mantemento das condicións docentes e avaliadoras nunha situación en que o prioritario era dar respostas rápidas e fiables, mediante a supervisión das modificacións introducidas polas universidades nas guías docentes da totalidade das materias das titulacións de grao e máster impartidas no SUG.

A experiencia da coordinación entre a administración autonómica mediante os conxuntos de instrucións do pasado curso pode considerarse como moi positiva.

Estando próximo o inicio do curso universitario 2021/2022, é preciso establecer uns requisitos mínimos que garantan a calidade da docencia que se vai impartir nos centros docentes universitarios no vindeiro curso académico, así como definir unha serie de medidas de prevención e control que dean confianza e seguridade á comunidade universitaria.





Secretaría Xeral de Universidades

Débese destacar que as presentes instrucións nacen cunha vocación de transición entre a situación de presencialidade adaptada durante o curso 2020/2021 e a situación de normalidade adaptada que se prevé para o curso 2021/2022. Neste senso, agardamos que sexan as últimas e que os vindeiros cursos poidan desenvolverse sen interferencias externas por motivos sanitarios.

Por outra banda, é competencia da Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de universidades, coordinar ás universidades do SUG así como velar polo mantemento dos niveis de calidade na súa actividade, e iso sen obviar o papel clave da Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia (ACSUG) e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS).

Tendo en conta o anterior, a Secretaria Xeral de Universidades, en exercicio das súas competencias e respectando o principio de autonomía universitaria, considera necesario ditar as seguintes instrucións para o desenvolvemento do curso académico 2021/2022:

PRIMEIRA.- Obxecto

As presentes instrucións teñen como obxecto o establecemento medidas a adoptar polas universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, tendo en conta os posibles escenarios que defina cada universidade, segundo a evolución da pandemia COVID-19 e, deste xeito, transmitir a toda a comunidade universitaria unha sensación de normalidade adaptada que reduza ao mínimo as incertezas sanitarias e docentes.

SEGUNDA.- Guías docentes

1.- As guías docentes conterán, de xeito xeral, un escenario de normalidade adaptada, é dicir, unha situación acorde co grao de presencialidade estimado como normal no momento previo á pandemia.

2.- Haberá un único escenario alternativo, previsto para situacións temporais limitadas por restricións locais derivadas de gromos ou peches na localidade en que





Secretaría Xeral de Universidades

se localice o centro docente. Descártase contemplar un escenario de confinamento no programa das materias.

As guías docentes das materias que conteñan prácticas clínicas deberán incorporar un plano de continxencia para a súa substitución parcial ou total, nos caso de forza maior.

3.- Para asegurar o cumprimento dos criterios de calidade, a guía docente de cada unha das materias incluídas no plano de estudos dunha titulación oficial de grao ou máster universitario deberá incluír un apartado denominado “Plano de continxencia” no cal estableceranse as medidas de adaptación ao escenario alternativo previsto, tanto das metodoloxías docentes como dos sistemas de avaliación, así como a posibilidade de realizar actividades alternativas naqueles casos nos que sexa inviable a realización das prácticas previstas por causas derivadas da situación epidemiolóxica.

4.- Antes do día 31 de xullo de 2021 as universidades deberán remitir as guías docentes da totalidade das materias a impartir no curso 2021/2022 á Secretaría Xeral de Universidades e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

5.- Esta información deberá ser accesible e coñecida polo alumnado antes do inicio do período lectivo para o curso 2021/2022.

6.- A aplicación das posibles adaptacións levaranse a cabo de conformidade coas disposicións que, a nivel local ou autonómico, determinen as autoridades sanitarias.

TERCEIRA.- Recomendacións

1.- Nos centros docentes imperará sempre o principio de prudencia. En consecuencia, recoméndase que a adaptación ás novas circunstancias se realice de xeito progresivo, especialmente no primeiro cuatrimestre.

2.- En termos de aforo, é recomendable establecelo no 50% nos espazos con bancadas fixas, deixando sempre un posto intermedio baleiro. En caso de mobiliario non fixo, deberíase respectar unha distancia mínima de 1,2 metros entre os distintos



Secretaría Xeral de Universidades

postos.

Nos grupos moi numerosos, recoméndase establecer un número máximo de asistentes por aula, en función das características espaciais, da ventilación e das posibilidades técnicas. Con todo, é preferible empregar aulas espello ou docencia telemática simultánea, evitando concentracións moi elevadas do estudiantado.

3.- Empregando a experiencia dos dous últimos cursos e o forte investimento realizado en dixitalización así como a maior formación do persoal, súxírese avanzar nun maior peso dos sistemas de avaliación continua para a puntuación final do alumnado, introducindo paulatinamente novas técnicas e sistemas axeitados, tanto dentro coma fóra da aula.

CUARTA.- Actuacións da ACSUG

Co obxecto de que as modificacións realizadas nas guías docentes de cada unha das titulacións de grao e máster impartidas no SUG, derivadas da crise sanitaria, non teñan consecuencias nos futuros procesos de acreditación das mesmas, a ACSUG levará a cabo as seguintes actuacións:

- 1.- Realizará un seguimento aleatorio dos “plans de continxencia” incluídos nas guías docentes publicadas para o curso 2021/2122. Este seguimento afectará a un 10% das materias de grao e máster, con especial atención a aquelas nas que se detectaran carencias ou erros en seguimentos anteriores.
- 2.- No procedemento de seguimento e acreditación das titulacións, revisará de xeito especial o concernente á atención titorial ao alumnado.
- 3.- Solicitará ás universidades un informe anual de análise das enquisas de satisfacción do alumnado.
- 4.- Solicitará, de xeito aleatorio a algúns centros e a través da vicerreitoría con competencias en Calidade, un informe sobre o sistema de queixas e suxestións que forma parte do sistema de garantía de calidade de cada un deles.



QUINTA.- Prácticas clínicas

1.- Prácticas clínicas.

A Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), como órgano competente en materia de coordinación, desenvolvemento e exercicio das funcións relacionadas coas prácticas de pregrao e máster que se desenvolvan nos centros da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, establecerá os criterios de priorización dos diferentes colectivos que opten a prácticas clínicas. En todo caso darase prioridade ao colectivo que se atope no último curso da súa titulación e dentro deste, ao alumnado que estea a desenvolver prácticas académicas curriculares obrigatorias fronte aos que desenvolven prácticas académicas externas non curriculares e optativas.

2.- Tanto ACIS como ACSUG velarán para que nos casos de redución ou suspensión das prácticas e a súa substitución parcial por outro tipo de actividades, estean debidamente xustificadas por causas de forza maior.

Os casos afectados por esta situación acolleranse ao establecido no plano de continxencia da guía docente da materia para a súa substitución parcial ou total por outro tipo de actividades.

SEXTA.- Outro tipo de prácticas

A crise económica derivada da pandemia pode dificultar, e incluso imposibilitar, a realización de prácticas externas obrigatorias nalgúns sectores, empresas ou organismos previamente comprometidos para o seu desenvolvemento.

Nestes casos, poderán substituírse as ditas prácticas curriculares por outro tipo de actividades, tratando sempre de garantir a adquisición de capacidades idénticas ou similares e empregando, de ser posible, simuladores tecnolóxicos ou medios análogos.

Destes cambios deberá quedar constancia documental para a súa análise nos procesos de seguimento e acreditación do título.





Secretaría Xeral de Universidades

No caso da virtualización das mesmas, a ACSUG solicitará á universidade correspondente, de xeito aleatorio ou a través do procedemento de seguimento e acreditación de titulacións, un informe xustificativo para a comprobación da adecuación á finalidade das mesmas.

Así mesmo, realizarase un especial seguimento das prácticas naquelas titulacións que conducen a profesións reguladas.

Asinado dixitalmente, en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro